

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de marzo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 3333 (10/POC-000558)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre os obxectivos da creación da Axencia Galega da Industria Forestal, reflectida no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, así como as intencións do Goberno galego en relación coa organización da investigación forestal e a inclusión do centro de Lourizán na mencionada axencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017
- 1.2 4281 (10/POC-000733)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ao número de persoas mozas incorporadas á actividade agraria no ano 2017 en relación cos anos anteriores, así como a súa repartición territorial e por sectores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017
- 1.3 4500 (10/POC-000770)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación e das carencias que presentan as entradas de acceso ás propiedades dos veciños, tras o remate dos traballos da concentración parcelaria denominada Parada II, no concello de Ordes, así como as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do seu arranxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 2257 (10/PNC-000232)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego de liñas de axuda para lles posibilitar ás comunidades de montes veciñais en man común a súa dotación de plans de ordenación forestal e do selo de certificación forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016
- 2.2 4671 (10/PNC-000444)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos ocasionados aos fogares e empresas no medio rural pola duración dos cortes na subministración de enerxía eléctrica padecidos durante o temporal rexistrado en Galicia na primeira fin de semana de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 2.3 5061 (10/PNC-000482)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 1049/2003, polo que se aproba a norma de calidade relativa ao mel, co fin de permitirlles aos apicultores galegos a diferenciación das súas producións fronte ás doutros países, así como aos consumidores a orixe clara dos meles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 2.4 5074 (10/PNC-000484)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dunha liña de axudas destinada ao sufraxio do custo da delimitación dos lindeiros dos montes veciñais en man común
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 2.5 5445 (10/PNC-000520)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar e incentivar a creación en Galicia de centros especializados na recría de xovencas de leite, así como a posta en marcha de cursos de formación específicos para a súa realización nas explotacións

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 16.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 3333(10/POC-000558)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre os obxectivos da creación da Axencia Galega da Industria Forestal, reflectida no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, así como as intencións do Goberno galego en relación coa organización da investigación forestal e a inclusión do centro de Lourizán na mencionada axencia

Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 7.^a.

Na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña a Lei de orzamentos do ano 2017, inclúese, na súa disposición adicional sexta, a creación da Axencia Galega da Industria Forestal, que, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, terá entre os seus obxectivos o de coordinar os centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

Recóllese tamén, que esta axencia asumirá os medios materiais e persoais que acorde aos seus fins e obxectivos corresponden a día de hoxe aos departamentos correspondentes das unidades afectadas da Consellería de Medio Rural. Dedúcese, de todo isto, que a Axencia Galega da Industria Forestal (AGIF) absorberá o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF Lourizán), único centro de investigación forestal da Xunta de Galicia na actualidade, no cal se levan a cabo proxectos focalizados principalmente na conservación de recursos forestais fronte o cambio climático, a mellora xenética con distintos obxectivos, a protección contra incendios, a recuperación de áreas queimadas, a ecoloxía forestal e a prevención e loita contra especies invasoras non desexadas.

Todos estes proxectos serven de apoio á xestión forestal da consellería do Medio Rural e son de interese xeral para o conxunto da sociedade galega. A maior parte dos temas que abranguen estes proxectos non están recollidos entre os obxectivos



da Axencia Galega da Industria Forestal, e non semellan a priori, competencias propias da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Polo exposto anteriormente, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1ª) Cales son os obxectivos da creación da Axencia Galega da Industria Forestal?
- 2ª) Como se quere organizar a investigación forestal en Galicia nesta lexislatura? Vaise incluír o Centro de Lourizán na AGIF?
- 3ª) Deulle resposta a Consellería ao escrito presentado polas traballadoras do Centro?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2017 11:13:26

David Rodríguez Estévez na data 16/01/2017 11:13:34

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 4281(10/POC-000733)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ao número de persoas mozas incorporadas á actividade agraria no ano 2017 en relación cos anos anteriores, así como a súa repartición territorial e por sectores

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo e Daniel Vega Pérez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Unha cuestión fundamental para o noso rural é a remuda xeracional.

Precisamos que nas explotacións agrícolas haxa agricultores mozos. Por iso unha das apostas mais importantes da Consellería de Medio Rural no seu apoio o sector é a axuda para a creación de empresas para os agricultores mozos. Neste ano destináronse 24,3 millóns de euros, co fin de aprobar todas as solicitudes que cumpriran cos requisitos da orde. Gracias a esta axuda un total de 618 mozos incorporáronse este ano á actividade agraria. A axuda media por expediente foi de case 40.000 euros, case o dobre que a media das últimas convocatorias.

Polo exposto, os deputados abaixo asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a valoración da Xunta en relación co número de incorporacións de agricultores mozos acadadas este ano en relación con anos anteriores?
2. Cómo se repartiron estas incorporacións por sectores do noso agro?
3. Cal foi o reparto das incorporacións dende o punto de vista territorial?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 30/01/2017 18:52:07

Raquel Arias Rodríguez na data 30/01/2017 18:52:25

Moisés Blanco Paradelo na data 30/01/2017 18:52:34

Carlos Gómez Salgado na data 30/01/2017 18:52:40



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4281
Data envío: 30/01/2017 18:53:46.104

Carlos Enrique López Crespo na data 30/01/2017 18:52:49

Daniel Vega Pérez na data 30/01/2017 18:52:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 4500(10/POC-000770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación e das carencias que presentan as entradas de acceso ás propiedades dos veciños, tras o remate dos traballos da concentración parcelaria denominada Parada II, no concello de Ordes, así como as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do seu arranxo

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín María Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

No concello de Ordes estase a realizar a concentración parcelaria denominada “Parada II” e a empresa encargada de facer os traballos de concentración e acceso ás fincas, segundo a información que nos facilitan, xa rematou.

As entradas de acceso ás propiedades dos veciños e veciñas quedan nunha situación moi deficitaria, sendo, nalgúns casos, imposible acceder sen que se acometan traballos de desmorte, posto que as pendentes son demasiado pronunciadas e deixaron cantidade de montículos de terra ao lado das entradas.

Por outra banda, as entradas quedan sen a colocación de tubos que conduzan a auga e que eviten o arrastre coas choivas, o que taparía as cunetas e acabaría esnaquizando as vías de acceso.

Esta situación supón un gasto para os veciños e veciñas e para o Concello de Ordes que non teñen porque asumilo.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego desta situación?

2ª) Vai acometer a Consellería do Medio Rural, á maior brevidade posible, as ditas obras co fin de entregarlle aos veciños e veciñas, e ao Concello a concentración parcelaria en condicións axeitadas.

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2017 13:21
Nº Rexistro: 4500
Data envío: 03/02/2017 13:21:41.810



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2017 13:11:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/02/2017 13:15:14

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/02/2017 13:17:19

José Antonio Quiroga Díaz na data 03/02/2017 13:17:32

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 2257(10/PNC-000232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego de liñas de axuda para lles posibilitar ás comunidades de montes veciñais en man común a súa dotación de plans de ordenación forestal e do selo de certificación forestal

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 18:01
Nº Rexistro: 2257
Data envío: 13/12/2016 18:01:55.242

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Os plans de ordenación, obrigados para montes veciñais de máis de 25 has, son unha ferramenta fundamental para a xestión sustentable dos montes. Son documentos decididos pola asemblea xeral da comunidade de montes, redactados por persoal técnico e aprobados pola administración pública.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galiza, obriga ás comunidades de montes a dotarse dun plano de ordenación para antes do mes de Marzo de 2018. Aquelas comunidades de montes que nesta data non se doten dun plano de ordenación, non poderán por á venda ningún dos produtos do monte, sexan de tipo forestal ou non.

O Decreto 23/2016, de 25 de febreiro, polo que se regula a reinversión dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal, no seu artigo 4, contempla que unha das primeiras actuacións a facer, é a de dotarse dun instrumento de ordenación forestal; e no caso de non facelo as comunidades de montes quedarán castigadas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 18:01
Nº Rexistro: 2257
Data envío: 13/12/2016 18:01:55.242

a non poder recibir ningún tipo de axudas (nin públicas, nin privadas); o que pon trabas a xestión dos montes veciñais .

Os plans de ordenación teñen unha vixencia de 10 anos; como as comunidades de montes se dotaron de plans de ordenación ao longo do tempo, a vixencia dos mesmos remata en anos distintos. De aí a importancia de que estas liñas de axudas permanezan abertas dende agora ata, cando menos, o mes de febreiro de 2018.

Os selos de certificación forestal, veñen sendo algo así como un documento que avala que a xestión do monte se fai de xeito sustentable. Isto é na teoría, xa que na práctica veñen a ser un salvoconduto para que as empresas madeireiras poidan vender a madeira nos mercados internacionais.

A día de hoxe, non hai ningunha lexislación que obrigue ás comunidades de montes a se dotaren dun selo de certificación forestal. Mais si que é certo que é unha imposición do mercado. De feito, actualmente, xa comezan a existir problemas na venda de madeira non certificada.

En Galicia existen dous selos de certificación forestal (o PEFC e o FSC, moi semellantes os dous) que son de carácter privado. Sería ben que ao par destes dous selos de certificacións privadas, existise outro de carácter público e galego. Mais, mentres isto non aconteza, as comunidades de montes, para mellorar a súa xestión (dende o punto de vista teórico e de imposición do mercado), terán que irse dotando dun selo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 18:01
Nº Rexistro: 2257
Data envío: 13/12/2016 18:01:55.242

Por todo isto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ó Goberno galego a sacar de inmediato liñas de axudas para que as comunidades de montes veciñais en man común, se poidan dotar de planos de ordenación forestal e do selo de certificación forestal.”

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/12/2016 17:57:04

Olalla Rodil Fernández na data 13/12/2016 17:57:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 18:01
Nº Rexistro: 2257
Data envío: 13/12/2016 18:01:55.242

María Montserrat Prado Cores na data 13/12/2016 17:57:16

Noa Presas Bergantiños na data 13/12/2016 17:57:20

Xosé Luis Bará Torres na data 13/12/2016 17:57:25

Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2016 17:57:29

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 4671(10/PNC-000444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos ocasionados aos fogares e empresas no medio rural pola duración dos cortes na subministración de enerxía eléctrica padecidos durante o temporal rexistrado en Galicia na primeira fin de semana de febreiro de 2017

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **José Manuel Pérez Seco, Jose Antonio Quiroga Díaz, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A oposición desenvolvida polo Partido Popular entre 2005 e 2009, cun enfoque catastrofista que culpabilizaba de calquera problema que xurdía ao Goberno galego, dende o mesmo momento de producirse, foi sempre considerada polos socialistas como unha sobreactuación puramente electoralista.

No caso dos temporais que teñen afectado ao conxunto de Galicia dende o xoves pasado, e suficientemente previstos polos diferentes servizos de predición meteorolóxica, os socialistas tivemos a prudencia de agardar unha reacción da Xunta de Galicia ante os graves problemas xurdidos en diferentes ámbitos no país. Nos cortes no subministro eléctrico, na afectación de infraestruturas públicas, afectación en bens privados, cortes nas vías de comunicación que afectaron gravemente ao transporte público, abandono dos concellos a súa sorte e unha tardía reacción do sistema público de emerxencias que mostrou unha vez máis a súa incapacidade de coordinación.

A afectación nas infraestruturas de transporte foi especialmente grave na costa atlántica, os retrasos e as interrupcións de servizos ferroviarios, e a falla de coordinación no establecemento de servizos alternativos por estrada, fixo que os afectados se contaran por miles. Como exemplo, a liña ferroviaria Vigo – Ourense estivo case tres días inutilizada. E os transportes alternativos por estrada foron escasos, mal planificados e desenvolvidos cunha absoluta falla de información ás persoas usuarias.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4671
Data envío: 07/02/2017 14:23:22.384



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar un expediente ás compañías eléctricas polos prolongados cortes no subministro eléctrico a fogares e empresas no medio rural no derradeiro temporal.
2. Esixir as compensacións económicas ás compañías eléctricas polos danos provocados na actividade diaria de familias e empresas no medio rural por estes cortes no subministro.
3. Definir un protocolo de actuación, xuntamente coas compañías subministradoras de enerxía eléctrica, durante períodos con climatoloxía adversa, que permita garantir o subministro, ou minimizar o tempo de actuación e resposta en caso de corte do mesmo, nos fogares e empresas agrogandeiras.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Alvarez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4671
Data envío: 07/02/2017 14:23:22.384



 Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2017 14:13:20

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/02/2017 14:13:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2017 14:13:34

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2017 14:13:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/02/2017 14:13:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 16.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 5061(10/PNC-000482)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 1049/2003, polo que se aproba a norma de calidade relativa ao mel, co fin de permitirlles aos apicultores galegos a diferenciación das súas producións fronte ás doutros países, así como aos consumidores a orixe clara dos meles

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira** e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

A apicultura está a ser refuxio laboral para moitas familias de zonas rurais, sendo tradicionalmente un sector que fixa poboación nesas zonas. Doutra banda a apicultura está moi ligada ao medio natural, polinizando gran parte da lora dos nosos montes. Non hai que dicir a importancia que teñen as abellas para o noso sector agrícola, dependendo gran parte dos nosos cultivos da súa polinización.

En Galicia, o sector conta con máis de 110.000 colmeas. Desas, 30.952 colmeas pertencentes a 410 apicultores e un volume de produción próximo ás 620 toneladas, conforman a Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, a de maior volume no ámbito español.

Sen embargo, a produción apícola galega vese ameazada por problemáticas como a proliferación da vespa velutina, os incendios que destrúen colmeas e os hábitats das abellas e a importación de meles foráneos.

Dende 2007, China multiplicou por 5 as súas exportacións a España, superando a pasada campaña as 15.000 toneladas, a un prezo medio de 1,36/kg, case a metade que o prezo do mel español. Unha importación masiva que supón unha competencia desleal para os apicultores xa que a lexislación chinesa permite o uso de produtos fitosanitarios e antibióticos nas colmeas que están prohibidos na Unión Europea. A isto súmase a confusión que pode xerar no consumidor a non



obrigatoriedade de indicación do país de procedencia no etiquetado do mel.

A Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de etiquetado, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, establece nos seus considerandos que “calquera regulación relativa ao etiquetado dos produtos alimenticios debe fundarse, ante todo, no imperativo da información e a protección dos consumidores” (considerando 6) así como que “as normas de etiquetado deben implicar igualmente prohibición de inducir a erro ao comprador” (considerando 14).

Por iso, no seu artigo 2, apartado 1.a.i) dispón que “o etiquetado non deberá ser de tal natureza que induza a erro ao comprador, especialmente sobre as características do produto alimenticio e, en particular, sobre a natureza, identidade, calidades, composición, cantidade, duración, orixe ou procedencia, e modo de fabricación e de obtención”. Así mesmo, no seu artigo 3, apartado 8, queda recollido que “o etiquetado dos produtos alimenticios implicará soamente, (...), as indicacións obrigatorias do lugar de orixe ou de procedencia nos casos nos que a súa omisión puidese inducir a erro ao consumidor sobre a orixe ou a procedencia real do produto alimenticio”.

As organizacións agrarias do Estado levan tempo denunciando a falta de transparencia que posibilita a aplicación da Directiva 2001/110/CE do Mel en España, agora modificada pola Directiva 2014/63/UE, xa que permite aos operadores, por exemplo, etiquetar meles de fóra da UE como “mestura de meles UE - non UE” (en casos de adición de pequenas cantidades de mel europeo ás mesturas) sen indicar os países nos que os meles foron recollidos, ou etiquetar como “mestura de meles non UE” sen indicar se o mel comercializado provén de China ou de Ucraína.



Isto vai en contra do establecido na Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, xa que as lendas admitidas pola Directiva inducen a confusión aos consumidores que, aínda que queiran, son incapaces de identificar a orixe do mel que adquiren. A situación resulta cada vez máis preocupante porque as importacións provenientes de terceiros países son crecentes e porque as rotas polas que ingresan no noso país son cada vez máis complexas.

En Italia, o Decreto Lexislativo de 21 de maio de 2004 número 179, de “Aplicación da Directiva 2001/110/CE relativa á produción e comercialización do mel”, establecía no seu artigo 3. f) que “na etiqueta debe figurar o país ou países de orixe nos que o mel foi recollida”. Tamén ofrecía a posibilidade, tal e como recollía a Directiva 2001/110/CE do Mel, de que “nos casos nos que o mel sexa orixinario de dous ou máis Estados membros ou países terceiros, a indicación puidese ser substituída, segundo fóra o caso, por:

1. “mestura de meles orixinarios da CE”;
2. “mestura de meles non orixinarios de CE”;
3. “mestura de meles orixinarios e non orixinarios da CE».”A Lei n.81 de 11 de marzo de 2006 dese mesmo país dispuxo, no seu artigo 2.bis, unha modificación ao anterior Decreto Lexislativo (número 179 de aplicación da Directiva do Mel) que establecía que “No artigo 3, parágrafo 2, do Decreto Lexislativo Nº 179 do 21 de maio de 2004, a letra f) substituirase polo texto seguinte: f) debe ser indicado na etiqueta o país ou países de orixe nos que o mel foi recollido.”.

Mediante esa modificación, o “Ministerio delle Politiche Agricole, Alimentari e Forestali” italiano excluíu a posibilidade que ofrecía a Directiva 2001/110/CE de



substituír a indicación do país ou países de orixe do mel polas lendas anteriormente mencionadas no caso de meles orixinarios de dous ou máis estados membros ou países terceiros e impuxo a obriga de indicar na etiqueta o país ou países de orixe onde o mel fose recollido.

Pola contestación da Comisión Europea á carta remitida pola AIIPA (Associazione Italiana Industrie Prodotti Alimentari): "en virtude do artigo 249 do Tratado, só os Estados membros son os destinatarios da Directiva, e, por tanto, a opción prevista na segunda frase do artigo 2.4.a) da Directiva 2001/110/CE do Consello relativa ao mel debe ser interpretada como dirixida aos Estados membros, deixándolles neste contexto a opción de elixir entre a regra xeral (impor a indicación do país de orixe) ou a excepción (permitir a utilización dunha indicación xenérica). Polo tanto, da contestación dada pola Comisión, infírese que, á hora de traspoñer a Directiva de referencia, e polo menos para este caso, a facultade de elixir corresponde ao Estado membro.

No Regulamento (U. E.) no 1169/2011, de 25 de outubro, sobre información alimentaria facilitada ao consumidor, recóllese a obriga de etiquetar os alimentos de forma clara, comprensible e lexible.

No seu capítulo II, artigo 4 sobre principios que rexen a información alimentaria obrigatoria, o apartado 2 di: "No caso de que se considere a necesidade de información alimentaria obrigatoria e permitir que os consumidores decidan con coñecemento de causa, terase en conta a necesidade expresada pola maioría dos consumidores de que se lles facilite determinada información á que conceden un valor considerable ou de calquera beneficio xeralmente aceptado". E no seu artigo 7 sobre prácticas informativas leais, indica no punto 1 o seguinte: "A información alimentaria non inducirá a erro, en particular: a) sobre as características do alimento e, en particular, sobre a natureza, identidade,



calidades, composición, cantidade, duración, país de orixe ou lugar de procedencia, e modo de fabricación ou de obtención;...” E tamén, no punto 2 deste mesmo artigo, especifica que: “A información alimentaria será precisa, clara e fácil de comprender para o consumidor.” O Regulamento establece polo tanto a necesidade de reflectir o país de orixe dos produtos alimentarios.

Tendo en conta ademais o Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que no seu artigo 288, indica que para exercer as competencias da Unión, as institucións adoptarán Regulamentos, Directivas, decisións, recomendacións e ditames, e establece que os Regulamentos terán un alcance xeral, e serán de obrigatorio cumprimento en todos os seus elementos, e directamente aplicable en cada Estado membro (ES 30.3.2010 Diario Oficial da Unión Europea C 83/171), mentres que as Directivas obrigan ao Estado membro destinatario en canto ao resultado que deba conseguirse, deixando, con todo, ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios a empregar. De todo iso, pódese deducir que o Goberno español, deu máis relevancia á Directiva relativa ao mel, en detrimento dos dereitos dos consumidores, cando estes dereitos establecidos por un Regulamento, deben primar na aplicación das Directivas.

O sector apícola leva tempo reclamando introducir un cambio normativo na nosa lexislación, que dea cumprimento ao Regulamento (U. E.) no 1169/2011, de 25 de outubro, coa fin de permitir aos nosos apicultores diferenciar as súas producións fronte ás doutros países e aos consumidores a orixe dos meles que consumen. A aplicación que fai o goberno español da Directiva 2001/110/CE vulnera a protección dos consumidores e o dereito de acceso á información para poder tomar decisións conscientes e prexudica a competitividade fomentando a competencia desleal, pola vía de calidade do sector apícola local, que se ve abocado a competir por vía de prezos con produtos de menor calidade, menor prezo e de procedencia indefinida.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:27
Nº Rexistro: 5061
Data envío: 13/02/2017 17:27:51.806



Por todos estes motivos o Grupo Parlamentario de En marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que inste ao Goberno de España a modificar o Real Decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a norma de calidade relativa ao mel para introducir un cambio normativo que permita aos nosos apicultores diferenciar as súas producións fronte ás de outros países e aos consumidores a orixe clara dos meles que consumen.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estevez

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2017 17:26:01

David Rodríguez Estévez na data 13/02/2017 17:26:18

Luis Villares Naveira na data 13/02/2017 17:26:35

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 5074(10/PNC-000484)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dunha liña de axudas destinada ao sufraxio do custo da delimitación dos lindeiros dos montes veciñais en man común

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Galicia é a única Comunidade Autónoma de España que ten implantada toda a cadea de valor da madeira: o aproveitamento forestal, a industria dos aserradeiros, o tableiro, a produción de pasta e a fabricación de mobiliario e carpintería.

Así, en Galicia realízanse a metade das cortas de madeira que se rexistran en España, en torno a oito millóns de metros cúbicos. E, a grandes rasgos, os nosos aserradeiros representan o 43% da produción nacional, a pasta o 35%, a industria do tableiro preto do 40% e a segunda transformación o 8%.

É evidente que boa parte deste volume de madeira procede dos montes veciñais en man común. Sen embargo, os propietarios dalgúns destes montes teñen dificultades para proceder á venda da madeira ao xurdir problemas á hora de tramitar á pertinente documentación por discrepancias sobre os límites destes montes veciñais en man común.

A resolución do proceso de actualización e delimitación dos lindeiros dos montes veciñais en man común é un requisito imprescindible para proceder á venda da madeira, por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que estableza unha liña de axuda para que os montes veciñais en man común poidan sufragar o custo dos deslindes.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/02/2017 17:54:57



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:57
Nº Rexistro: 5074**
Data envío: 13/02/2017 17:57:02.728

Raquel Arias Rodríguez na data 13/02/2017 17:55:07

Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/02/2017 17:55:15

Moisés Blanco Paradelo na data 13/02/2017 17:55:24

Carlos Gómez Salgado na data 13/02/2017 17:55:31

José González Vázquez na data 13/02/2017 17:55:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 17:55:52

Daniel Vega Pérez na data 13/02/2017 17:55:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 16.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 5445(10/PNC-000520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar e incentivar a creación en Galicia de centros especializados na recría de xovencas de leite, así como a posta en marcha de cursos de formación específicos para a súa realización nas explotacións

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 13:39
Nº Rexistro: 5445
Data envío: 21/02/2017 13:39:06.546

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

“O proceso de recría está unido irremediabilmente ó proceso produtivo do leite. Coas marxes tan reducidas, a volatilidade do mercado e a necesidade de aumenta-la produción pra reducir custes, as cuxas e becerras vense moitas veces marxizadas e abandonadas a instalacións vellas ou impropias para elas, con falta de tempo e dedicación profesional dos seus xestores, e tamén ó uso na súa alimentación de materias primas que foron por veces rexeitadas para alimenta-los animais en produción pola súa dubidosa calidade.” (José Ahedo e Alex Bach, *El sector lácteo español en la encrucijada*)

Actualmente no noso País unha boa parte do sector lácteo ten unha alta especialización na produción de leite adicando todo o espazo das súas explotacións ó manexo de animais de alta produción.

Manter este nivel esixe o relevo dos animais que comezan o seu declive produtor con xovencas en óptimas condicións de maduración, alimentación e desenvolvemento físico.

Granxas de potencial, especializadas en altas producións de leite, non teñen espazo pra recría das súas propias becerras. Mándanse fóra, e volven preñadas chegadas para parir.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 13:39
Nº Rexistro: 5445
Data envío: 21/02/2017 13:39:06.546

A recría é unha actividade que esixe, coma o manexo na produción, unha alta especialización para lograr femias preñas, ben desenvolvidas, no menor tempo posible e cun peso e desenvolvemento adecuado para o parto.

En Galicia temos poucos centros especializados na recría de cuxas que garantan un aproveitamento adecuado da materia prima e un acabado, (co parto entre os 22 e 24 meses), do proceso de recría con animais sáns, ben constituídos e nas mellores condicións de comezar a súa vida produtiva.

Actualmente, en moitas explotacións a recría é un proceso que se fai por rutina e sen os coñecementos necesarios que se requiren a día de hoxe.

Entre 5.000 e 6.000 cuxas de excelente xenética de explotacións galegas son recriadadas fóra de Galicia. Calculamos que poden corresponder a unhas 100 explotacións.

Un cálculo feito así por riba sería:

Xovenca: 22 meses x 30 días x 2,5 euros/día= 1.650 euros/xovenca

Sumando seme e portes a suma ascende a 1.850 euros/xovenca

Calculando polo baixo 5.000 xovenca x 1.850 euros: 9.250.000 euros que saen das explotacións galegas e non repercuten na nosa economía. Unha vez máis perdemos cartos que deberían reforza-la nosa economía creando riqueza aquí.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“Insta ó goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 13:39
Nº Rexistro: 5445
Data envío: 21/02/2017 13:39:06.546

--- Facer unha prospección no sector para facer un cálculo máis exacto das necesidades de recría externalizada actuais e das posibilidades de creación de centros especializados que dean alternativa sería a esta necesidade.

--- Elaboración dun plan de axudas e formación específica que anime a que desde o sector galego xurdan iniciativas de centros especializados de recría.

---Deseño e posta en marcha de cursos de formación específicos para gandeiras e gandeiros, así coma o persoal asalariado, que desexen facer a recría nas súas explotacións.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 13:39
Nº Rexistro: 5445
Data envío: 21/02/2017 13:39:06.546

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2017 13:35:41

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2017 13:35:46

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2017 13:35:50

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2017 13:35:55

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2017 13:35:59

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2017 13:36:02